



Entrevista a Mónica Cabaleiro Álvarez
Páxina 3

Nova sede de ACIP
Páxina 6

Mondariz seguirá tendo acceso á orientación laboral
Páxina 8

Polémica entre Concello e Atios polas canteiras
Páxina 12

XIX edición do Festival de Cans
Páxina 12

Salvaterra, Salceda e As Neves únense pola igualdade de xénero
Páxina 13

XVIII edición do Festival Internacional de Cinema de Tui
Páxina 14

Correos presentou o selo dedicado ao Monte de Santa Trega
Páxina 15



Entrevista a Juan A. González,
Alcalde de Nigrán

"O Porto do Molle é o presente e o futuro de Nigrán"

Páxina 16

Ponteareas ofrece parcela para o novo Centro de Saúde

Páxina 4



A Alcaldesa, Cristina Fernández, co primeiro e segundo Tenentes de Alcaldesa.

Portugal - Alto Minho

Caminha volta a fazer o "pleno" nas bandeiras azuis

Páxina 17

Festa do Alvarinho e do Fumeiro ultrapassou os 50 mil

Páxina 18

'Valença flor de maio' embeleza ruas do concelho

Páxina 20



basta
50%
Descuento
Nueva Zona
de Descanso

BOINSCON

LAS MEJORES MARCAS EN DESCANSO

pikolin BULTEX

Concha de Brey, 4, Ponteareas
986 64 01 15

609 85 14 52



CONDADO/PARADANTA

Salvaterra solicita Obradoiro de Emprego

O Concello de Salvaterra promove o proxecto de Obradoiro de Emprego "Salvaterra Emprega II", cunha duración prevista de 12 meses, no que se pretende formar a 20 persoas desempregadas no ámbito Forestal/Xardinería.

Para a realización das prácticas do ámbito forestal o Concello de Salvaterra de Miño ven de asinar un convenio coa CMVMC de Pesqueiras, para continuar coa intervención no Parque forestal de Monte Castelo.



As empresas Frinsa e Gainser instalaranse na PLISAN

O delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, David Regades asinou na notaría da Cañiza as escrituras para a instalación das empresas Frinsa e Gainser en Salvaterra de Miño. En concreto, asinouse a adxudicación á conserveira Frinsa do Noroeste de dúas parcelas de 40.921 metros cadrados por 2,17 millóns de euros, e a Gainser, unha empresa que naceu no CIE de Zona Franca no Porriño e agora trasládase á Plisan para crecer, unha parcela de 2.641 metros cuadrados por 189.000 euros.

A inversión total destas dúas empresas suma oito millóns e implica a creación de 25 postos



de traballo.

Con estas xa son cinco as empresas con terreos adxudicados na Plisan que representan o 62% do total en oferta pública de venda, con investimentos para realizar de 233 millóns de euros

e que supón xa a creación de 431 empregos.

Por outra banda, Lonza Biologics Porriño presentou tamén unha oferta por catro parcelas que supoñen un total de 101.899,61 metros cadrados.

Parque da Canuda acollerá actividades en familia

O Concello de Salvaterra de Miño impulsa no Parque da Canuda unha serie de actividades dinamizadoras para facer en familia para pór directamente en contacto coa natureza e co mundo animal e vexetal que existe en toda a contorna.

Entre os sábados 7, 14 e 21

de maio celebraranse diversas actividades, destacando "Cómo reducir o plástico no día a día", "Coñecendo as aves e taller de caixas niño", "A biodiversidade no Río Miño", "Obradoiro de horta e hotel de insectos", "Biodiversidade no Parque de A Canuda" e "Iniciación da fotografía de natureza".

Novos horarios no Museo do Viño

O Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea, situado dentro do Castelo de Dona Urraca, anunciou os seus novos horarios de atención ó público a partir do mes de abril.

Os días de apertura ó público incrementaranse respecto a tempadas anteriores, así o museo acollerá visitantes de mércores a domingo, en horario de 11h a 14h e de 17h a 19h. Non será preciso a inscrición previa agás



para os grupos de máis de 15 persoas.


Saneamento en Cabreira

O Concello de Salvaterra está a ampliar a rede de saneamento nos barrios da Poza, Arras e Monte da Bouza, na parroquia de Cabreira por un importe superior aos 43.000,00€ a través do Plan Concellos da Deputación Provincial.

En total executaranse 436 metros de tubería de PVC de 250mm de diámetro nominal. Os tramos a executar desembocarán en colectores existentes, polo que as vivendas poderanse conectar á rede de saneamento actual, unha vez rematada a obra.



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SAVATERRA DE MIÑO

Por Roberto Mansilla Blanco

Mónica Cabaleiro Álvarez | Creadora do puzzle "VIDA" en Salvaterra de Miño

"Para mí, a natureza é o más bonito que pode existir"

Natural da parroquia de Leirado en Salvaterra de Miño, Mónica Cabaleiro Álvarez expón no Parque da Canuda a súa obra

"VIDA", un puzzle de máis de 33.000 pezas que completa o seu primeiro traballo "VIDA Salvaxe". Tomando esta actividade por hobbie, a artista per-

Comencemos cunha breve referencia persoal túa.

Son Grado Superior de Turismo, con especialización en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos e de alonxamentos turísticos. Actualmente son a gobernanta do Hotel da Natureza Nande en Rubiós (As Neves). **Salvaterra exhibe as túas obras "VIDA SALVAXE" e "VIDA". Poderías falarnos cómo tes realizado estas actividades e canto tempo levouche facelas?**

O primeiro que fixen, o de "VIDA SALVAXE", ten 33.600 pezas, empecei a facelo a raíz da pandemia, compaxinando o traballo co

tempo libre. Logo animeime e fixen un segundo puzzle, "VIDA", de 24.000 pezas, que é da mesma casa e do mesmo creador. Rematei en seis meses. En agosto do ano pasado, con motivo do meu 33º aniversario, a miña familia regaloume o puzzle máis grande, de 42.000 pezas, e comecei a facelo. **Isto supón para ti un hobbie, unha actividade ou é un proxecto de vida?**

Para mí é un hobbie, é coma unha afección que retomas cada certo tempo. Sempre tiven moitos puzzles na miña casa e iso incentivoume a facer esta actividade. Todo isto sen ánimo de lucro e

sen pensar nun proxecto determinado. Son actividades que gústanme e me relaxan.

Buscas transmitir alguma mensaxe coas túas obras?

Para mí, a natureza é o más bonito que pode existir. Por tanto, o tema dos animais, das prantadas, a natureza era para mí unha imaxe perfecta e por iso quisen reflectilo nestas obras.

Tes algúns apoio institucional?

Non, todo saíu de mí. Está exposto aquí no Parque da Canuda por razóns de espazo. Paseando polo Parque da Canuda vin que era un lugar idóneo para expoñelo e por iso falei coa alcaldesa Marta

Valcárcel porque facíame ilusión que a xente pudera ver este puzzle.

Cómo ten sido a receptividade do público aos teus traballos?

A xente dinme que teño moita paciencia, moita forza de vontade, queda impresionada co traballo. E a mí sorprendeume moito a acollida que tivo e as mensaxes de apoio e de felicitacións. Tamén agardaba a boa acollida que tivo na prensa. E tamén percibín que, a raíz destas exposicións, entre os rapaces levantouse

a afección por facer puzzles.

Eres o único caso aquí en Galicia de facer puzzles desta dimensión?

A verdade é que non o sei. Para amosarlle a imaxe do puzzle completo á alcaldesa, sí que investiguei e vin que existía unha exposición feita en Combarro. Pero seica neste caso foi por medio dunha asociación con varias persoas. Pero individualmente, non sei se existe algún precedente.

Cales son os teus próximos proxectos?



XIV Sementeira e Música en Corzáns

Volve a Festa da Sementeira e Música de Corzáns os días 14 e 15 de maio, organizada pola Asociación Cultural Quinta do Piñeiro.

Na área recreativa Muiño da Ponte, terán lugar os traballos de labranza e sementeira, o domingo pola mañán, e os concertos de música, ademáis de concentración de tractores clásicos, postos de artesanía, gastronomía tradicional, obradoiros infantís ou as Olimpiadas Agrícolas.

No terreo musical actuarán o sábado pola tarde os gaiteiros Os Ghuacamaios, Os Bardos e Ronco&Folk e pola noite De Va-



cas, Tonhito de Poi, Caimán do Río Tea e os Djs La Duendeneta, e o domingo, Naiama Gaiteiros,

As Lucernas, Tremelique, Naiama, Festicultores Troupé, Pelepau e Son das Tabernas.

Xogo das Letras Galegas

Un ano máis o Concello de Salvaterra organiza a través da Biblioteca Municipal unha actividade para os máis cativos, co fin de conmemorar o Día das Letras Galegas, adicado este ano a Florencio Delgado.

A través dun divertido xogo por equipos os/as participantes coñecerán algo máis sobre a orixe e significado do Día das Letras Galegas, e os autores e autoras

homenaxeados ata o momento, ao tempo que descubrirán interesantes datos sobre a vida e obra do homenaxeado deste ano, Florencio Delgado.

A actividade realizarase o mércores 18 de maio ás 18.00 horas no recinto Amurallado. Para participar recoméndase inscribirse no teléfono 637 108 343 ou no correo biblioteca@concellodesalvatterra.org

Semana das Ciencias en Salvaterra

O 25 de abril deu comezo á séptima edición da Semana da Ciencia do IES Salvaterra, con conferencias, obradoiros, xogos, experimentos e exposicións con nomes tan suxestivos como "Cine en 360", "Cerebro e Panta-

llas", "Pseudociencia", "Costura Matemática", "Scape Box", "Afunde a Flota Atómica", "Trucos de Maxia: Explicación Científica", "Pasta de Dentes para Elefantes" ou "Crea a Túa Propia App", nos que terán presencia todos os niveis do IES.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Ampliación do horario da Biblioteca

Con motivo da época de exames a Biblioteca Municipal amplía o seu horario, do

maio ata o 30 de xuño, quedando de luns a venres de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 horas.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Concello oferta á Xunta unha parcela ao pé da N-120 para o futuro centro de saúde

A alcadesa de Ponteareas, Cristina Fernández e os tenentes de alcalde, Roberto Mera e Chus Garrote, acompañados do arquitecto municipal, mantiveron un encontro en Ponteareas con persoal técnico da Consellería de Sanidade e do SERGAS, que visitaron a localidade para analizar as posíbeis parcelas nas que situar un futuro centro de saúde.

Logo de avaliar as parcelas, que ademais foron visitadas in situ, ofertouse finalmente por parte do Concello aquela que, a xuízo da Xunta, é apta para as súas previsións. A parcela ofertada de maneira preferente sitúase ao pé da N-120 á altura da rotonda de Canedo, entre as saídas da rúa Castañel e Paseo Matutino, que conforme ao planeamento urbanístico ten reservada unha superficie para dotacións e equi-



pamentos públicos e zona verde. Esta parcela, pola súa superficie e situación, atende todas as necesidades construtivas e de estacionamentos en superficie, así como de distancia a pé do centro urbano e de boa comunicación rodada por estradas principais para facilitar a

mobilidade dos servizos de emerxencias e daquelas persoas usuarias procedentes das parroquias ou doutros concellos.

Esta proposta ten ademais a virtualidade de que, grazas ao PXOM, a adquisición da parcela non supón gasto económico para o Concello.

Apoio do PP á asociación Ponte Solidario



O Grupo Municipal do PP mantivo reunións cos usuarios de locais da Estación de Autobuses, como a Asociación sen ánimo de lucro Ponte Solidario, que desde o mediático anuncio do Bipartito de "entregar as chaves da Estación de Autobuses o 1 de abril á Xunta de Galicia", atópanse nunha situación de incerteza.

A portavoz popular, Belén Villar, transmitiu o seu apoio e pediu calma xa que vai solicitar á Xunta de Galicia que se manteñan os convenios existentes con aquellas organizacións que veñan prestando alí a súa actividade.

O PP esixe reparacións urxentes en Pardellas

O Grupo Municipal do PP fará un rogo no pleno para solicitar ao Goberno bipartito que repare as instalacións deportivas de Pardellas, que se atopan nun es-

tado de abandono e deterioración total.

A súa voceira Belén Villar visitou as instalacións convocada por representantes dos clubs e usuarios. Os populares solicitan

unha reforma integral desas instalacións, cunha partida económica para este 2022 que "poderíase facer con parte do diñeiro que reciben do Plan Concellos, máis de 1,1 millóns cada ano".

ACIP esixe reparación de marquesiña en Urcela

Juan Carlos González Carrera, voceiro de ACIP, denunciou que o Concello de Ponteareas por non retirou nin reparou aínda a marquesiña danna en febreiro pasado por un accidente de coche no barrio de Urcela, na parroquia de Cristiñade.

Diariamente un gran número de nenos collen dende esa parada o autobús escolar para desprazarse cara os centros escolares, co medo a que se lles veña enriba. González Carrera criticou tamén a "desidia" do goberno coa poboación do rural ponteareán.



Veciños de Arnoso achegan propostas para a N-120

O PSOE acudió á parroquia de Arnoso para manter un encontro cos veciños e veciñas e así poñer en común o Proxecto de Mellora da Seguridade Vial da estrada N-120.

Neste encontro o Secretario Xeral, Delfín Domínguez, explicou que o Partido Socialista se pon a disposición dos veciños e veciñas para recoller todas aquelas melloras que se poden apor-

tar ao Proxecto da N-120.

O goberno estatal redactou o Proxecto de Mellora da N-120 para a reducción dos accidentes mortais nesa estrada que vertebral o municipio.

www.novasdoeixoatlantico.com

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Traducción e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foropeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foropeneira@gmail.com

Diseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

Iníciase a reforma da rúa Trobador Xoán García de Guillade

O Concello de Ponteareas leva a cabo a transformación da rúa Trobador Xoán García de Guillade, cun investimento de case 731.000 euros financiados a través do Plan Concellos da

Deputación de Pontevedra.

As obras foron adxudicadas ás empresas Oresa Construcción y Servicios Globales, que terán un prazo de execución de 8 meses. Os traballos permitirán crear o primeiro espazo

escolar seguro da vila ata o CEIP Ramiro Sabell e triplicarán o espazo para a veciñanza apostando pola mobilidade segura e sostíbel.

Por outra banda, o Concello tamén vén de adxudicar a redacción dos proxectos de

mobilidade amábel e recuperación dos espazos públicos ao abeiro da Rede Ágora, que suporá un investimento de máis de 42.000 euros financiados ao 90% pola Deputación de Pontevedra.

'Coidados Porta a Porta' en Ponteareas

O programa 'Coidados Porta a Porta' chega a Ponteareas, unha iniciativa posta en marcha pola Xunta de Galicia e financiada pola Unión Europea coa que se prestará de balde servizos de podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria a persoas maiores de 55 anos residentes na vila.

A unidade móbil estará diante da Casa do Concello os días 13, 16, 18 e 19 de maio. Precísase cita previa no teléfono 622 748 283 ou coidadosportaaporta.politicocial@xunta.gal.

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
 ESMALTES - PAPELES




Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
 Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

GLITTER
 Tu tienda especializada en

PATINES

ACCESORIOS, RECAMBIOS
 Y COMPLEMENTOS

MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.


C/ Virgen de Los Remedios, 16
 PCNTEAREAS
 glittercb2016@gmail.com

Tlf. 986 17 78 63
 645 38 96 68

FERRETERIA EL PUENTE
 GUISANFER, S.L.

Rúa Real, 91
 36860 Ponteareas
 Pontevedra

986 640 192 665 170 107
elpuente@guisanfer.com



**A CULTURA
 QUE QUERES
 E MÁIS**

En Gadis, o compromiso coa nosa cultura forma parte de nós.
 Colaboramos dende hai anos con festivais de música, cine, teatro, pintura...
 Tamén coidamos da nosa literatura, apoiando ás nosas lettras. A día de hoxe, xa son máis de 360.000 libros en galego os que levamos repartidos de forma gratuita.

GADIS
 #EnConfianza

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Cristina Fernández, nova presidenta do grupo de Sustentabilidade Urbana do Eixo Atlántico

A alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández Dávila, vén de converterse na nova presidenta do grupo de Sustentabilidade Urbana do Eixo Atlántico, entidade transfronteiriña que reúne a preto de 40 municipios para promover a cooperación entre Galicia e o norte de Portugal e á que a vila adheriu recentemente.



Este é un dos catro grandes grupos temáticos nas que divide a súa actividade o Eixo Atlántico, a través dos que se traballa en proxectos de futuro vinculados ao turismo, cultura e educación, deporte e sustentabilidade.

O grupo que preside xa a rexedora ponteareá ten como ob-

jectivo desenvolver con todos os concellos integrantes medidas para reforzar as políticas de sustentabilidade urbana centrándose en diferentes aspectos, como pode ser un novo Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Eixo Atlántico, presentado hai uns meses en Póvoa de Varzim.

“É un orgullo presidir unha área que para o noso concello é tan importante e coa que buscamos ter municipios cada día más sustentábeis a todos os niveis, desenvolvendo modelos urbanísticos que non degraden a nosa contorna e que primen a calidade de vida da veciñanza”, salienta a rexedora. Deste xeito, Ponteareas dá un paso máis para converterse “en referente de vila cun modelo de crecemento organizado e planificado, baseado no desenvolvemento sostible que ten como pedra angular a estratexia ‘Ponteareas hábitat saudábel’, que conta co apoio dos Fondos de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea”.

Éxito no Campionato Zonal Escolar de Bádminton de Ponteareas

O CEIP Ramiro Sabell proclamouse como centro escolar campión na categoría feminina do Campionato Zonal Escolar de Bádminton de Ponteareas, mentres que o CPR La Inmaculada fixoo na masculina. Neste evento participaron 70 deportistas de 10 centros educativos con aproximadamente 250 partidos.

A competición, na que colabora o Concello de Ponteareas, pon punto final a unha nova edición das xornadas deportivas escolares 2022 postas en marcha entre o Club Bádminton Pon-



teareas e a Asociación de Profesores de Educación Física da Zona Condado-Paradanta, Adelcompar.

Nas xornadas e na competición participou alumnado de primaria do CEIP Feliciano Ba-

rrera, CEIP Santiago Apóstol, CEIP Fermín Bouza Brey, CEIP Ramiro Sabell, CEIP Antonio Blanco, CPI de Mondariz, CEIP Infante Felipe, CPR La Inmaculada, CEIP Santiago de Oliveira e CEIP de Leirado.

Nova sede de ACiP



A lternativa Ciudadana de Ponteareas (ACiP) presentou a súa Oficina de Atención Cidadá na nova sede que ocupará ACiP a beira do Concello de Ponteareas, na Rúa Virxe dos

Remedios Nº 2, Baixo Esquerda. No acto tamén presentou o seu novo logo coas novas cores representativas da formación, na que os tons verdes continúan sendo predominantes.

A ponteareán Sofía Carballo, subcampeona de España Júnior de Natación

A nadadora ponteareán Sofía Carballo se proclamou subcampioa de España Júnior en 100 braza, parando o crono na mellor marca galega da súa idade. Este rexistro confirma a nova rolda de éxitos para o Club Natación Ponteareas, que participou no XXII Campionato de España Open Absoluto – XXXVIII Campionato de España Júnior celebrado en Torremolinos.

Uns resultados grazas aos que Carballo pasa a obter o recoñecemento e a formar parte do Grupo de Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN).



INMOBILIARIA MERCA VENDA

Casas Locales Fincas Pisos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalia de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GALICIA NAIESENDA
SAÚDE, SEGURIDAD E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

Ponteareas converterá a nave de Aceros del Tea nun equipamento sociocultural emblemático e innovador

No marco do programa EDUSI 'Ponteareas, Hábitat Saudable', o Concello transformará a nave de Aceros del Tea nun equipamento sociocultural e de lecer que "marcará un antes e un despois na historia de Ponteareas", segundo a alcaldesa Cristina Fernández Davila.

Grazas ao Plan Xeral, parte das instalacións industriais pasan a ser de titularidade municipal. Ademais do actual aparcadoiro, o Concello disporá das instalacións de Aceros, consistentes nunha torre de oficinas e unha nave cunha superficie duns 1.500 m², xunto cunha gran balsa de decantación situada entre a nave e a Estación de Autobuses.

O pasado ano o Concello redactou un anteproxecto no que se definiron as grandes liñas de intervención sobre as instalacións para convertelas nun equipamento emblemático, contemporáneo e innovador, recuperando o edificio, respectando a súa imaxe exterior industrial e aproveitando o seu interior "para transformalo nun espazo excepcional da vila de Ponteareas", salienta a rexedora.

Os ámbitos de actuación previstos son



catro. Por unha banda creárase unha extensa praza diáfana e cuberta baixo as tres naves destinada a todo tipo de eventos sociais e artísticos, concertos, feiras ou festivais e que, en ausencia de programación, funcionará como unha praza pública cuberta. En segundo lugar, a balsa de decantación situada entre a nave e a Estación de Autobuses converterase nun escenario ao aire libre con bancadas. Por outra banda, unha das naves e a torre das antigas oficinas acollerán espazos pechados, illados termicamente e insonorizados destinados a aulas, obradoiros, conferencias ou clases maxistrais. Por último, a inter-

vención tamén abordará o espazo exterior na Avenida de Galicia e a rúa Carballos, xerando novas zonas peonís, axardinadas e de estancia que darán visibilidade ao conxunto das instalacións e facilitarán o acceso das persoas.

Partindo do anteproxecto, o Concello dá agora un novo paso coa licitación da redacción do proxecto básico e de execución así como da dirección de obra, por importe de 51.500 euros cofinanciados por fondos FEDER a través do programa EDUSI 'Ponteareas, Hábitat Saudable'. O obxectivo do goberno do BNG-PSOE é licitar as obras unha vez se reciba o proxecto.

Críticas da ACIP sobre o proxecto da N120

Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACIP) decidiu presentar alegacións sobre o proxecto da N120 ante o que considerou como a falta de liderado e a "pírrica claridade e definición" por parte da alcaldesa Cristina Fernández para presentar un escrito consensuado por todas as forzas da corporación municipal.

Destacan nas alegacións de ACIP aspectos que teñen que ver coa anulación das saídas actuais a N-120, recortes na senda peonil, as paradas de bus e a urxencia dunha variante para a autovía coa N-120, en particular ante a posibilidade de colapso da carreteira autonómica por Angoares.

Ponteareas elixirá entre Monarquía e República

Ponteareas súmase o vindeiro 14 de maio á consulta popular sobre a continuidade da Monarquía ou cambiar a un Estado republicano, impulsada por diversas organizacións a nivel estatal, agrupadas na "Plataforma Consulta Popular Estatal Monarquía ou República". Esta consulta será simbólica e non terá carácter vinculante.

A votación na nosa Vila se realizará a través dunha mesa de votación instalada o vindeiro xoves 14 de maio, entre as 10h e as 15h, na Praza Bugallal á altura da Rúa Esperanza. A maioría da poboación actual non tivo a oportunidade de votar a Constitución de 1978 e, polo tanto, non pudo pronunciarse en ningunha ocasión sobre o modelo de Estado.

Ciclo 'Mestre Mateo' en Ponteareas

Ponteareas acolle novas sesións do ciclo 'Mestre Mateo', unha actividade organizada pola Academia Galega do Audiovisual e pola Deputación de Pontevedra que traerá ata novembro e de forma gratuita as películas gañadoras e finalistas nos premios do cinema galego.

Neste mes de maio, o día 27 ás 20 horas, proxeutaraxe "A poeta analfabeta", dirixida por Sonia Méndez, na sala multiusos do auditorio.

En marzo foi proxeccionada a película "O gran camiño" e o pasado 23 de abril "A virxe roxa".



ACIP denuncia maltrato dun BIC na Praza de Bugallal

Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACIP) denunciou ante Patrimonio do maltrato o patrimonio que o goberno local realizou de forma encubierta na reforma da Praza Bugallal, no referente ao cruceiro da igrexa parroquial, que está catalogado como BIC (Ben de Interese Cultural) de primeiro grado.

Este nivel de interese integral aplicase a bens que conteñan cualidades indiscutibles e inseparables que deben protexerse na súa integridade. No caso deste cruceiro, pode observarse que unha importante parte da súa base foi enterrada cos novos elementos incorporados na reforma da praza. Pódese observar con facilidade, que a bancada realizada ao redor do propio cruceiro é totalmente alea o seu entorno, sepultando e impedindo a súa total visualización.

Como efecto da denuncia, a Policía Autonómica estivo nas inmediacións indagando e observando o estado actual no que quedou o cruceiro. Procederon a levantar o pertinente atestado de investi-

As obras do cruceiro están autorizadas por Patrimonio

O Concello de Ponteareas aclara que a actuación no Cruceiro da Praza de Bugallal conta coa autorización de Patrimonio. Este proxecto de reforma da praza foi autorizado polo organismo da Xunta en outubro de 2019 que, con carácter previo, se presentou específicamente o deseño da nova xardinería, en cuxo interior se sitúa o cruceiro.

A denuncia feita pública refírese a

que unha parte da base do elemento queda soterrada na zona axardinada. Pórén, o deseño remitido a Patrimonio e autorizado e autorizado por este, e agora feito público polo Concello, xa o contemplaba exactamente así. O Goberno Local lembrou que todos os grupos políticos teñen acceso ao expediente completo da obra e poden comprobar os permisos con que contan.

CONDADO/PARADANTA

Arbo, Crecente, Melgaço, A Cañiza e As Neves asinan un protocolo de cooperación para crear a “Eurociade do Miño”

O sábado, 23 de abril, no Concello de Arbo asinouse o PROTOCOLO DE COOPERACIÓN entre os alcaldes de Arbo, Horacio Gil, As Neves, Xose Rodríguez, Crecente, Julio César, A Cañiza, Luís Piña (Municípios situados no sur de Galicia; na provincia de Pontevedra) e Melgaço, Manoel Batista (distrito de Viana do Castelo), para iniciar o proceso de creación da “Eurociudad do Miño”.

Un acto que tivo lugar no Salón de Plenos do Concello de Arbo, ás 12:00 horas, e que contou coa presenza dos rexedores fronteirizos e representantes de diferentes institucións galegas.



As autoridades resaltaron a proximidade xeográfica así como as afinidades culturais, históricas e

económicas existentes entre estes Concellos.

A “Eurociudad do Miño” terá

poboadas de Galicia, como Vigo, Pontevedra e Ourense, entre outras grandes poboacións do sur da comunidade.

“A cooperación transfronteiriza é un dos medios más eficaces para a aproximación das poboacións fronteirizas, suprimindo as dificultades que implican todas as fronteiras e fomentando o desenvolvemento económico, social e cultural destas rexións”.

“Esta 5ª eurociudad permitirá aproveitar e maximizar os recursos endóxenos de cada zona e contribuirá á eliminación das liñas fronteirizas ademais de axudar ao desenvolvemento do principio de cidadanía europea”.

Melloras das vías públicas en Mondariz

No marco do Plan Concellos 2021 e cun investimento superior aos 125.000 euros, o Concello de Mondariz iniciou as obras de pintado de sinalización horizontal no centro urbano e nalgúns cruzamentos perigosos de varias parroquias, así como obras de mellora de accesos e canalizacións en barrios como Coto Ribeiro e Arnela (Riofrío), Outeiro da Cruz e costa da Carrapita (Queimadelos) e A Chouteira (Loungares). Tamén actuouse



sobre o asfaltado da rúa Ramón e Cajal, no centro urbano de

Mondariz e comercialmente moi transitada.

Mondariz seguirá tendo acceso á orientación laboral

A partir de outubro de 2022, os concellos de Mondariz e Mondariz-Balneario deixarán de dispor dunha técnica de orientación laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia nas oficinas dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mondariz, mais seguirán tendo acceso a este servizo de competencia autonómica a través da oficina de emprego de Ponteareas.

A técnica de orientación laboral



de Mondariz é un posto subvencionado pola Xunta de Galicia desde 2016, no marco dun convenio de colaboración entre os concellos de Mondariz e Monda-

A Marcha Cicloturista Sestelo-Clásica Álvaro Pino percorrerá a comarca

A marcha Sestelo-Clásica Álvaro Pino terá lugar o vindeiro 22 de maio e congregará a ciclistas chegados de todos os puntos da península.

O gran fondo cicloturista repite este ano percorrido. 110 quilómetros, con saída e chegada a Ponteareas, cun tramo inicial neutralizado e o resto a velocidade libre, reagrupando aos corredores nos avituallamentos da Cañiza e Covelo tentando así

evitar a dispersión. A marcha pasará por 7 concellos (Ponteareas, Mondariz Balneario, Mondariz, Covelo, Cañiza, As Neves e Salvaterra), terá máis de 2.000 metros de desnivel acumulado nun percorrido esixente pero asumible, e pasará por 3 altos de montaña.

Os organizadores, Plan C, estiman este ano unha participación de 500 corredores/as tras o éxito da pasada edición.



A Sestelo-Álvaro Pino está patrocinada por Grupo Sestelo e Grupo Asegurador Lynalfa e conta co apoio e coa colaboración do Concello de Ponteareas, da Deputación de Pontevedra e o GDR Condado Paradanta.

II Certame fotográfico “Arbo, Vila da Lamprea – LXI Festa da Lamprea”

Dado o éxito do primeiro certame fotográfico convocado no ano 2021, o Concello de Arbo, organiza para o 2022 o II Certame Fotográfico “Arbo, Vila da Lamprea – LXII Festa da Lamprea”

Este concurso enmarcado dentro das actividades de promoción da Festa da Lamprea, pretende atraer visitantes ao municipio e que coñezan os atractivos turísticos que ofrece, e que sexan os propios visitantes os que conten-

a través do seu obxectivo a súa experiencia.

A temática é libre, sempre que estea vinculada directamente cos valores turísticos, patrimoniais, naturais, socioculturais, ambientais..... de Arbo Os que desexen participar no certame, deberán enviar as fotografías ao correo electrónico oficinas.concelloearbo@gmail.com Prazo límite de presentación é ó 10 de xuño e a votación será entre os días 14 e 20 de xuño.

40.000€ para mellorar as casas culturais de Covelo

No marco do plan de posta en valor e mellora dos espazos públicos municipais, o Concello de Covelo executou reformas e obras de mantemento en tres casas e centros culturais. Financiadas con fondos propios a través do Plan Concellos da Deputación, o Concello destinou 37.226,66€.

Neste mes o Concello actuou na mellora da drenaxe e peche perimetral da casa social de Baldomar e realizou obras de mantemento na casa cultural de Prado e na da Bugariña.



Entrega de 25 novos composteiros

O venres 13 de maio Covelo entregará 25 composteiros más que se suman aos 100 entregados en anteriores campañas. Nese mesmo acto tamén se desenvolverá o curso de formación para un correcto uso optimizando así os recursos para obter o mellor compost. O curso durará unha hora e comezará ás 18:30 horas no edificio multiúso.

O Concello informa que quedan poucas unidades e lembra que as persoas interesadas deben solicitarlas nas oficinas municipais ata o luns 9 de maio. Os únicos requisitos son residir en vivendas unifamiliares que dispoñan de horta ou xardín, estar empadroados/as, non ter participado nos programas anteriores e ter gañas de aprender e de vivir en equilibrio coa súa contorna natural.

Arbo reparte 50 composteiros

O Concello Arbo repartiu 50 novos composteiros individuais solicitados a SOGAMA e que foron distribuídos no recinto do Punto limpo, por parte de Raimundo Rodríguez Guntín, Concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural.

O alcalde do Concello de Arbo, destacou o gran éxito do programa de compostaxe, "en total o Concello de Arbo, leva repartido 170 composteiros, 50 no ano 2020 e no ano 2021 un total de 120, e dado a demanda que existía procedeu a pedir unha nova partida, o que fan un total de 220 composteiros dende o comezo da Campaña"



Curso de xardinería do VI Plan de Formación de Covelo

Xa está aberto o prazo de inscrición para o curso de xardinería, que contará cunha parte teórica e outra práctica cun total de 50 horas repartidas en 10 xornadas para capacitar nesta materia a 10 alumnos. A inscrición deberá realizarse nas oficinas municipais ou a través da sede electrónica do Concello.

Do 18 ao 31 de maio, de 9 a 14 horas o alumnado de xardinería estudará e ademais porá en práctica os seus coñecementos arranxando e embelecedo a contorna da fonte

da ponte de entrada á Covelo.

Impartiranse coñecementos de poda, plantación, cuidados, mantemento de xardíns, manexo de maquinaria e ferramenta e preventión de riscos laborais, entre outros contidos. Os coñecementos adquiridos e o diploma obtido terase en conta nas sucesivas bolsas de emprego do Concello.

O concello realizará arredor de sete cursos no 2022 sumando un total de 36 cursos de formación nas seis edicións do Plan de Formación de Covelo.

Covelo inviste 79.000€ en accesos e camiños

O Concello do Covelo executará o proxecto de acondicionamento de accesos e camiños en Barcia de Mera, Godóns, Prado da Canda e San Salvador de Prado.

Financiado con fondos propios a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra supón un

custo total de 78.770,50€. Para a execución das obras será preciso, entre outros traballos, realizar movementos de terras, excavacións de desmonte, demolición de pavimento antigo, mellora de drenaxes e instalacións de salvacunetas como no caso do tramo na rúa da Bouza en Prado da Canda.

Covelo solicita adhesión na Rede de Dinamización Lingüística

O Concello de Covelo vén de solicitar a súa adhesión á Rede de Dinamización Lingüística para traballar pola defensa e emprego da lingua galega en tódolos ámbitos, educativos, socioeconómicos, culturais, administrativos, beneficiándose de novas ferramentas de sensibiliza-

ción e posta en valor.

Nos últimos anos, o goberno municipal aprobou e implementou unha ordenanza para o impulso social da lingua galega con actividades de dinamización e subvencionou libros e publicacións destinadas ao estudo e actualización da toponomía no concello.

ellos
moda hombre

PONTEAREAS
C/ Amado Garra, 15
Tlf.: 986 64 41 16

CAFÉ C.A.S

RESERVAS Y PEDIDOS: 604 07 93 04

DESAYUNOS
MENÚ DEL DÍA
FIESTAS DE SEMANA
MENÚ ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR

Rúa Vidales Tomé N° 4, 36860 - Ponteareas

Vinoteca Eira Vella
víños, tostas, pulpas e danzás...

Rosalia de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706

CONDADO/PARADANTA

Prevención de incendios na Cañiza

Cumprindo co disposto no Convenio de Adhesión en materia de preventión de incendios forestais, durante este mes de abril dende o Concello da Cañiza se enviaron máis de 550 dílixencias de notificacións aos titulares de propiedades nas parroquias de Petán,

Couto, Luneda, Franqueira e A Cañiza para recordar a obriga de limpeza das parcelas.

Os titulares das parcelas afectadas nas parroquias de Achas, Parada, Orosa e Valeixe (consideradas priorizadas) xa foron informados nunha primeira fase. En total foron 1.831 parcelas.



As Neves celebrou a XXIX Feira do Requeixo e do Mel

XXIX Feira do Requeixo e do Mel pasará á historia como a más visitada. Milhares de persoas de distintas partes de Galicia e tamén das veciñas localidades portuguesas de Monção e Melgaço ateigaron o 16 e 17 de abril o centro das Neves para disfrutar desta festa gastronómica, musical, cultural e tamén deportiva.

Entre os eventos realizados destacaron o 'IV TTR de bádminton', e a 'Andaina do Requeixo e



do Mel', na que participaron preto de cen persoas. Tamén par-

ticiparon o Guadi Galego, a Coral Santa Mariña e 'Paraíso Canto'.

A Cañiza recuperará a antiga Ponte das Achas

No Pleno Extraordinario do 28 de abril aprobouse o Convenio de colaboración entre o Concello da Cañiza e a Deputación de Pontevedra para a execución da recuperación da Ponte das Achas cun importe de 411.015,58€, dos que están subvencionados polo organismo provincial o 70%, un total de 287.710,91 €.

A execución deste proxecto

dará resposta a unha reivindicación das veciñas e veciños das Achas e da Cañiza que leva enriba da mesa máis de 30 anos. O Concello asume con fondos propios o 30% restante, un total de 123.304,67€ distribuídos en dúas anualidades. Ademais da recuperación da ponte románica de Achas, a Deputación



recuperará a súa contorna, un total de 560 metros que coincide con todo o tramo vello da estrada provincial EP-5002.

LA OJIVA
ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Telf: 659 374 868 - laojivagastronomic@gmail.com

CALCETA

@planetacalceta

Selo SICTED no Condado-Paradanta

Iniciouse ata o 30 de abril o proceso de inscrición para obter o certificado SICTED de calidade turística para todas aquelas empresas de Ponteareas, así como de todo o Condado-Paradanta, que queiran obter este certificado.

Esta iniciativa está promovida

pola Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) co apoio da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e xestionada na contorna polo GDR Condado-Paradanta. Na actualidade son 46 negócios, cinco deles de Ponteareas, os beneficiados con este selo de calidade.

A Cañiza terá conexión 4G e 5G

As operadoras de telefonía móbil Telefónica, Vodafone e Orange anunciaron que durante as próximas semanas realizarán na Cañiza o proceso de implantación dos servizos de telefonía móvil de nova xeración, 4G e 5G, sobre as bandas de 800 e 700 MHz, respectivamente, para

unha mellor e maior cobertura e alta velocidade de conexión.

Para garantir a compatibilidade da nova tecnoloxía coa televisión dixital terrestre (TDT), Llega700 é a entidade posta en marcha polos operadores para solucionar calquera afectación na recepción do sinal de televisión.

Denuncian "caciquismo" na promoción do parque de Mandelos en Creciente

O BNG de Creciente criticou que os gobernos do PP e na Xunta de Galiza evitan informar sobre a posible implantación deste novo parque agroforestal no concello de Creciente. Consideran como "prácticas caciquís" a falta de información e o escurantismo por parte dos "populares", xerando malestar e desconfianza na veciñanza.

Co fin de clarear o que suporá para a veciñanza o polígono agro-

forestal de Mandelos, o pasado 19 de marzo o BNG organizou un acto informativo no auditorio municipal de Creciente, na que participaron Benigno López, portavoz do grupo municipal do BNG, a deputada nacionalista María Albert, e o Responsable Comarcal do BNG do Condado-Paradanta, Mauro Chivite, os cales acusaron os plans do PP de privatizar este parque e que a Xunta estaría "exercendo de intermediaria dunha empresa".

CLOS

Reveriano Soutullo, 5 - PONTEAREAS
Telf. 886 216 896 - 670 739 070
www.closzapateria.com

O Porriño súmase á celebración de Día do Pobo Xitano

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e a concelleira, Antía Carrera, participaron na celebración do Día Internacional do Pobo Xitano do CEIP da Ribeira, en Torneiros. Como cada 8 de abril, conmemórase o Primeiro Congreso Mundial Romaní-Xitano que tivo lugar en Londres, no ano 1971, e no que se instituíu a bandeira e o himno xitano. O programa de actuacións



foron lecturas de poemas de Lorca, exposicións dos seus va-

lores e principios, música e baile.

Renovada colaboración co Círculo Recreativo Cultural

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e a presidenta do Círculo Recreativo Cultural, Sonia Doval, asinaron a renovación da colaboración anual entre ambas entidades. En

base ao convenio formalizado, o Concello aportará 20.000 euros para o desenvolvimento de actividades culturais programadas conjuntamente que se levarán a cabo nas instalacións do CRC.

Restablecida a Fonte de San Sebastián no Porriño



O Concello do Porriño levou a cabo obras de acondicionamento da fonte de San Sebastián para evitar, na medida do posible, posibles focos de contaminación que afectaban á calidade da auga e causaban reiterados cortes de suministro.

As obras consistiron na canalización do caudal no tramo do nacente ata o grifo para impedir filtracións contaminantes e na construción dunha arqueta na entrada da mina para a conexión da auga non potable coa rede de pluviais.

**LETROS
GA
LE
GAS**

17 de maio, dedicado
a Florencio Delgado
Gurriarán

#LetrasGalegas2022

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

Festexemos a cultura que nos une.

LOURIÑA

Polémica entre o Concello do Porriño e a Comunidade de Atios pola titularidade das canteiras

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Atios emitiu un comunicado na que cualificou de "in-dignidade democrática e autoritarismo" e dun "ataque directo aos veciños da parroquia de Atios", as actitudes tanto do alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, como do concelleiro (PP) Ramón Porto co respecto á presentación do recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial que ratifica a titularidade comunal das canteiras

de Atios.

Toda vez agradeceron o apoio dos demais grupos municipais, os comuneiros de Atios declararon como "persoas non gratas" tanto ao alcalde Lorenzo como aos membros do Grupo Municipal do PP e que "non merecen a confianza dos veciños de Atios". A Comunidade de Montes tamén criticou a actitude do letrado do Concello, Víctor Guardado, por recorrer esta sentenza "para desmontar a identificación histórica do

monte Carrascal e Laxedo" e pretender "facer o mesmo deslexitimando o deslinde acordado entre as comunidades de montes de Atios e Budiño"

